

VAGAR Á DERIVA POLA TERRA SEMPRE OMITIDA

D@N HAUSER

1. FIN DUN MODELO DE DISTRIBUCIÓN DE PODER. QUEBRA DO ESTADO NACIONAL.

De feito, xa é de común acordo recoñece-la fin dun certo sistema de organización política (de distribución do poder) artellada en torno ós límites territoriais, por unha banda, e a unha certa noción de identidade, fundamentada na mitoloxía nacional, pola outra. A Nación, termo que identifica un colectivo en base a eses dous criterios, deixou, hai tempo xa, de ser(parecer) un fogar, para pouco a pouco ir emerxendo á superficie a súa esencia carceraria intrínseca, e a base sobre a que sustentaba a creación de imaxinario pasou a dominio público. Non se trata de destruír un plano de orientación no universo social, senón tan só de dar conta do que acaece, e ver se acaso fora posíbel albiscar xa o paso seguinte, ou, cando menos, de introducir algunha ferramenta de análise que permita violentar, forzar, espreme-las posibilidades que se presentan. Non se trata de destruír o que por si mesmo se ven abaixo; máis ben xogar (de novo) á recomposición arqueolóxica, buscando a vía de acceso ás carencias, a encrucillada de onde parte o novo viacrucis que está tentando establecer un novo rumbo global cara a uniformidade e contra a alteridade. Viaxar cara o futuro afastando as faiscas que brotan do lume *do progreso*.

Que foi de nos? Nos, *os de sempre*. Que foi do control estatal, do estado social, das garantías constitucionais? Existiron? Cando? (sento tremer a man dereita cando pronuncio algunha das anteriores verbas)

Novo escenario mundial. O fluxo descontrolado de transaccións económicas que deu en chamarse “globalización”¹ xera o fenómeno multinacional, i.e. entidades financeiras que operan en varios estados-países-continentes-nacións, e que poden así localizar e adaptalas súas operacións mercantís en función da lexislación de cada Estado. En resume,

1 Estaríamos aquí con Beck na necesidade de discernir “Globalismo” vs “Globalización”?

entidades que non están sometidas a ningunha lexislación en concreto e que, polo tanto, non teñen obrigas xurídicas máis aló das que lle conveñen². Unha multinacional non está incluída dentro de ningún estado concreto, non ten unha localización clara, non ten nacionalidade; goza dos beneficios do apátrida, máis non padece os seus inconvenientes. É totalmente libre. Un ente xurídico que se define por realizar actividades económicas, goza da utopía da liberdade!. O fenómeno máis popular dentro deste barullo son as deslocalizacións. Sendo coherentes coa lóxica que move e alimenta o sistema *global*, podemos comprender que un ente xurídico que goza de total liberdade de actuación, dada a súa condición apátrida e a súa (consciente) desvinculación das obrigas nacionais, escolla un modelo de produción que potencie os beneficios, i.e. que garanta o seu crecemento, sen que lle incumban as transformacións sociais producidas en consecuencia. Alén diso, a estrutura interna dun ente destas características non ten moito que ver co esquema clásico suxeito-objeto. É máis, manifesta a caducidade de tal esquema. É inclusive pertinente falar dunha inversión total, ou polo menos dunha mutación cara un proceso interactivo, que vai en detrimento da suposta posición de dominación/dominio no sistema. Entón, entender que o sistema capitalista na vertente actual, está fóra de control. Entender que o único motivo que leva ó mercado a frear a súa actividade, tomando decisións que non se inscriben na súa lóxica interna, é obter un rendemento case inmediato en termos numéricos³.

Por que segue a rolda-lo espectro da *man invisible*? Tralo período de recesión que seguiu ó crack bursátil gringo, parece que occidente toma consciencia de que o escenario é outro que o “paraíso comercial” Smithiano de “competencia perfecta”. Seica é preciso ter un certo control das operacións económicas nacionais e seica o mito do “libre mercado”, a autorregulación do mercado, baseado na dinámica xerada pola oferta e a demanda, sucumbe ó acontecemento. Non é posíbel alén do paraíso. É preciso un certo control das actividades económicas para evitar que os intereses empresariais non esnaquicen o equilibrio social. Como é entón, posible que deixáramos proliferar un modelo macroeconómico tan perigoso como o actual, e permitir a emerxencia de entidades que,

2 U. Beck. *¿Qué es la Globalización?*

3 É o exemplo da iniciativa do “*libro verde*” (“Fomentar un marco europeo para a responsabilidade social das empresas”) da Comisión Europea, co que se pretende impulsar a participación das empresas na sociedade, “empuxando” ás grandes corporacións a que destinen parte dos seus beneficios a actividade “social”. O certo é que aquilo que se coñece como Responsabilidade Social Corporativa, que non é senón unha forma de publicidade encuberta, e a estratexia de agochado-camuflado actual. É dicir, que a RSC é unha estratexia de marketing máis, moi beneficiosa e útil, cuns resultados a curto prazo espectaculares (véxase todo o espectro de fundacións ligadas as grandes corporacións, dende Telefónica a BSCH) .

non só se autogobernan en termos absolutos, senón que (e o que é máis grave) pasan a gobernar as políticas nacionais, a decidir as directrices fundamentais dun goberno-estado (pouco importan xa as cores, o mundo en branco e negro) vido a menos no que atinxe á súa soberanía? Pero o que resulta máis misterioso: como está artellado este tándem para ser capaz de sobrevivir, de reconfigurar o plano xeopolítico global sen inmutarse ninguén?

Un primeiro apunte: abandono do modelo económico nacional cara unha certa transnacionalización das operacións económicas, e unha progresiva despolitización da economía, consecuencia desta desaparición de fronteiras (arancelarias) e do libre circular de capitais e mercadorías (non así das persoas (extracomunitarias)). O Estado nacional xa non se fai cargo das regulacións mercantís pola circunscrición da lexislación ó territorio. O mercado mundial, produto diso que deu en chamarse Capitalismo postindustrial, non ten territorio. Ou mellor: o seu territorio é a desterritorialización continua, empregada para fuxir das trabas legais impostas polo que queda de soberanía nacional.

Parece claro, entón, que a distribución do poder está a mudar. Cando falamos de poder hai que entender os puntos grosos na malla que teñen máis capacidade de control de recursos e medios de difusión que os outros (cada un de nós). Non esquecemos a Foucault: *“O poder non funciona senón en cadea. Exercítase a través dunha organización reticular. E nas súas redes non só circulan os individuos, senón que, alén diso, están sempre en situación de sufrir ou exercitar ese poder, non son nunca o branco inerte ou consentinte do poder nin son sempre os elementos de conexión. O poder transita transversalmente, non está quedo nos individuos”*⁴. Máis existe a posibilidade de construír un plano de abstracción que ille ó sistema como tal; prescindir na análise dos suxeitos, construtos sociais, nodos resultados de fluxos anárquicos. Intentar comprende-lo proceso de produción de subxectividade partindo da potencia dos grandes dispositivos sobre as pequenas inxerencias, moito máis febles. E os nodos onde se condensan agora as estruturacións das relacións de poder xa non pertencen ó Estado-Nación. Non lle hai que chorar: *“O concepto moderno de nación herdaba así o corpo patrimonial do Estado monárquico e inventáballe unha forma nova”*⁵. A cuestión é a dirección que toma o cambio de estrada. O problema ven da nova mutación nun certo pseudo-

4 Foucault. *Microfísica del poder*. La piqueta. Madrid 1992. pág 152

5 T. Negri e M. Hardt. *Imperio*. Paidós. Barcelona 2002. Páx 98

internacionalismo, conformado baixo o patrón da mercantilización da sociedade, que pouco a pouco vai estendendo o seu dominio ata acadar a forma global que caracteriza a nova mutación do capitalismo. O problema ven cando a persistencia dun certo modelo de organización económica, promove unha reestruturación da organización política estatal, e orixina un modelo de individuo que só entende agora unha forma posible de interactuar (co medio, co outro,...), e que, por riba, non é sustentábel. A fin do Estado-Nación está a provocar unha anteposición de intereses bursateis á propia supervivencia planetaria⁶.

Ben, non hai que esquecer o movemento contrario: o pobo, por unha banda, e a comunidade por outra. O proceso de artellamento global en torno ó mito do Capital, que ten por característica a integración, non se libra de afronta-la antítese, a saber: a reivindicación do máis pequeno, a eclosión dos diversos e a restauración da mitoloxía pola identidade. Pequenos núcleos que se queren alleos, novos núcleos que tacitamente comungan coa sistémica e o movemento centrípeto, pero que elevan a bandeira da desobediencia en canto existan indicios de homoxeneidades, de asimilación ó núcleo groso identitario. De feito, todo este revés pon en cuestión a unidireccionalidade do acontecemento, o control do proceso, e da entrada a un novo campo de actuación ó que todos estamos interpelados. A acción sobre a construción simbólica, monopolizada polo Estado e as súas formas de organización, de sometemento á orde, vense desbordadas por este dobre suceso (dobre): por unha banda a perda irreversible de competencia e soberanía, que fai que as súas dinámicas de fixación da orde xa non respondan a intereses estritamente políticos: a emerxencia dun novo poder, non electo, con máis inmunidade que calquera outra entidade xurídica, que impón unha nova sistemática, novos obxectivos, novos procedementos; por outra, a potenciación/emergencia da multitude, produto dunha aceleración dos fluxos comunicacionais, que están a provocar a liquidación do vello (fascista) esquema de comunicación, cara un novo proceder en comunidade que convida á esperanza nunha construción futura do máis común (símbolo), dende a común interacción (no espazo público).

⁶ Que tres dos países máis poboados do planeta (U.S.A., India e China) renunciaran recentemente a respecta-los protocolos de Kioto, malia o quentamento climático e a ameaza para a vida mesma sobre a Terra, antepoñendo explicitamente o seu “crecemento económico” á súa supervivencia como especie; que inclusive algún destes países invertera tempo, esforzo e capital en silenciar o apocalipse natural, leva a un plantexamento tacitamente asumido por todos: É posible deter á máquina? (Metaforicamente: Matrix: nas profundidades de Sion, a escravitude necesaria por canto a máquina que mantén a cidade precisa man de obra). e ó que oporíamos: destrución da máquina ou reorientación maquina?

2. MASA-SOBERANÍA-MULTITUDE.

“O pobo é un. A multitude, en troques, é plural. A multitude componse de innumerables diferenzas internas que nunca poderán reducirse a unha unidade, nin a unha identidade única”

T. Negri, M Hardt. Multitude.

“A masa realiza ese paradoxo de ser á vez un obxecto de simulación (non existe máis que no punto de converxencia de tódalas vibracións media que a describen) e un suxeito de simulación, capaz de refractar tódolos modelos e de vertelos de novo por hipersimulación (O seu hiperconformismo, forma inmanente do humor)”

J. Baudrillard. Cultura e simulacre.

“A soberanía da que falo (...) pertence esencialmente a tódolos homes que posúen e nunca perderon por completo o valor atribuído ós deuses e ós “dignatarios”

G. Bataille. O que entendo por soberanía.

Afondando na brecha que traza a redistribución das posicións nas relacións de poder, artelladas na malla social e solidificadas en nodos institucionais, máis ou menos potentes, máis ou menos poderosos, a tentación de implementar aparatos ou dispositivos catalizadores que aproveiten a nova situación, para provocar quebras máis aló das que poidan emerxer dos trocos institucionais. Alén de perseguir unha redistribución aséptica das redes de dominio, dos roles de mando, das cabezas visibles no eido soberano, puidera ser que o que acontecera no terreo social, e froito da diversificación dos contactos, da multiplicación de relacións intercomunitarias, por mediación dos individuos representantes destas, fora a reivindicación, moito máis radical, dun espallamento absoluto do poder mesmo. E quizais a única cuestión a debater non sexa se esta é ou non posible, senón se o desaxuste que se está a producir, en tódolos niveis, ten un movemento interno ou se se anuncia como a cara b dun proceso global(izado). É dicir, se esa pulsión de soberanía é froito do traballo *sobre* o imaxinario colectivo, produto dos

dispositivos de enunciación *macro*, ou se se están producindo auténticas loitas de emancipación autónomas, que empregan os novos artefactos de comunicación para potenciar un verdadeiro desexo colectivo significativo.

A mutación semántica non é gratuíta. “*O significado non cae do ceo*”⁷. A pertinencia de esquecer vellas ferramentas verbais non é casual. Cando a máquina Deleuze-Guattari fala da actividade propia da filosofía como aquela de xerar conceptos⁸, non obvian declara-lo carácter efémero dos mesmos. A permanencia-eternidade dos conceptos revela unha política semántica que, á súa vez, acompaña a unha intención política: asumimos a conservación da *teoría*, unha vez maquetada, transformada, *tuneada*, adaptada á linguaxe na que todo marcha tan ben? Por tanto, que queda en pé das categorías hoxe en día afuncionais, inservibles, inútiles, pero funcionais, servibles e útiles no pasado recente? Normalmente, a súa integración nun sistema discursivo totalmente alleo ás súas orixes (onto)semánticas, no que, sen embargo, se pode apreciar unha clara utilidade e funcionamento, aínda que se trate de outro sistema conceptual; dalgún xeito, poderíamos comprende-la potencia do capitalismo cultural dende esa capacidade sublime de integración/incorporación semántica; ser quen de transformar o alleo en propio de sempre. Este é o sentido da pertinencia de procurarse novos apeiros lingüísticos libres de vellas resonancias. De aí a emerxencia constante no eido do pensamento contemporáneo(?) de conceptos. De aí a necesidade de dar nacemento á *Multitude*, para afastar o espectro da “*clase traballadora*”, “*proletariado*”,... tan presentes na pseudo-esquerda institucionalizada. No momento en que se fala de postfordismo, de fractura na antiga totalidade traballadora, vencellada a un certo proceso laboral, cunhas características extremas (canto a que tocaron fondo nunha dirección do sistema), mudou a situación e hai que dar conta da aparición dun novo enfoque cara aqueles que non están (estaban?) nos nodos principais de xeración de realidade. A *multitude* pode ser moito máis potente no artellamento da guerra contra a estrutura actual omniabarcante, do que puidera esperarse de calquera dos seus devanceiros. A *multitude* está a suxeri-la capacidade inmanente ós individuos de tomar o control do proceso de artellamento do real, sen renunciar ás súas diferencias intrínsecas; insinúa o aniquilamento do vello mito da identidade e arruína calquera tentativa, outrora nefasta, de hoxeneizar un posicionamento contra. Partir da multitude como punto de arranque para a comprensión

7 Guattari. *Psicanalise et transversalité*.

8 Deleuze-Guattari. *¿Qué es filosofía?*. Anagrama.

da situación actual, permite plantexamentos moito máis extremos e moito máis poderosos do que puidera prever ninguén. O golpe máis brutal ó movemento de apropiación ilexítima que leva a cabo a maquinaria capitalísitica⁹ ven dado por unha mutación simbólica: verbal.

Coido que a posibilidade de aprehensión da actualidade por medio dunha reorientación da diferenza cara os suxeitos, ten folgos dabondo como para poder falar dunha transformación esencial sequera de ámbito analítico. E se muda a comprensión (análise) da realidade, o que está a mudar é a realidade mesma. A opción de artellamento dende o distinto e contra o semellante é, certamente, novidoso, e sitúa á contemporaneidade ante unha perspectiva de apertura que dificilmente pode virar xa. *“Simplificando moito, poderíamos dicir que a globalización ten dúas caras. Por unha banda o Imperio estende globalmente a rede de xerarquías e divisións que mantén a orde mediante novos mecanismos de control e de conflito constante. Pero, sen embargo, a globalización tamén crea novos circuítos de cooperación e colaboración que se estenden por riba das nacións e dos continentes, e que fan posible un número ilimitado de encontros”*¹⁰. Entendendo, se se quere ademais, que o concepto de masa en Baudrillard na mesma liña, como unha non-totalidade constituída como adición de diferenzas, afrontamos a emerxencia do imprevisible, froito da previsión excesiva e dos esforzos constantes do sistema (totalidade autónoma) por someter o fluxo caótico de acontecementos ó virtual esquema produtivo. A masa ven sendo unha realidade sen posibilidade de control, canto que carece da característica básica para que se poida dar tal continxencia: a homoxeneidade. Por iso mesmo, a reacción que se espera da masa sempre sorprende; os mecanismos que implementa a sistémica non poden reter as liñas de fuga que irremisiblemente flúen en todo contexto social. *“Manter ás masas baixo o sentido. Imperativo de produción de sentido que se traduce polo imperativo sen parar renovado de moralización da información: informar mellor, socializar mellor, eleva-lo nivel cultural das masas, etc. Parvadas: as masas resístense escandalosamente a este imperativo da comunicación racional.”*¹¹ A masa silenciosa, pasiva, vólvese problema cando se precisa do recoñecemento. É preciso dar fe, “autorizar” (Hobbes). Pero hai unha realidade, a máis numerosa, que non participa -quizais polo que a participación nas estruturas convencionais supón: a renuncia á diferenza. Só se esta pode ser salvagardada, só se

9 O senso de empregar este neoloxismo está en diferenciar o estado actual do Capitalismo (mundial e integrado) de formas anteriores, máis localizadas e ontolóxicamente distintas.

10 T.Negri e M. Hardt. *Multitud*. Debolsillo. Barcelona 2006.

11 Baudrillard. *Cultura y Simulacro*. Kairós. Barcelona 1978. Pág 117

fora posible unha sorte de proceso de comunicación (claro, sempre viciado... Derrida) dende ese illamento da multitude, poderíamos falar de *democracia*. E puidera ser que se estea a dar, paseniño, esa posibilidade nalgún contexto moi limitado, máis efectivamente real.

*“Pero a única revolta verdadeira comeza no momento no que a persoa do rei está en xogo, no que o home da multitude decide non alienar máis en favor de outro, sexa quen sexa, a parte de soberanía que lle corresponde. Soamente nese momento, asume en si mesmo, e só nel, a enteira verdade do suxeito”*¹². Entón, a soberanía. O que cabe por en cuestión en todo momento é a relación de submisión que mantén a unha parte do corpo social na escuridade, e que traza unha sorte de xerarquía que se traduce na contradición: extremo benestar vs extrema ocupación. O plantexamento Batailleano, a este respecto, circula entre tres eixes clave: morte (Freud)-recoñecemento(Hegel)-traballo(Marx). Canto ó primeiro, teríamos unha ollada á psicanálise (“Máis aló do principio do pracer”), na que se suxire a entrega do individuo (escravo) á norma (traballo) para fuxir da posibilidade da desaparición ligada á desorde (pracer). A antítese, na figura do soberano: *“O mundo soberano é o mundo onde a límite da morte é suprimida. A morte está alí presente, a súa presenza define ese mundo de violencia, pero se a morte está alí presente, é sempre para ser negada, só está alí para iso. O soberano é o que é, como se a morte non fora. E incluso é o que non morre, pois só morre para renacer”*¹³. Canto ó segundo punto, habería que recuperar unha certa lectura da Fenomenoloxía do Espírito¹⁴, e sospeitar da pasividade no sometemento do escravo: *“O individuo da multitude, que, durante unha parte do seu tempo, traballa en beneficio do soberano, **recoñéceo**, quero dicir, que se recoñece nel”*¹⁵. Se pasamos por alto o que de metafísica se puidera rascar dos textos de Bataille, o que entende por soberanía despréndese da relación coa alteridade. Certamente atopamos sucesivas apelacións a unha sorte de dualidade dentro-fóra, que non é doado ubicar agora mesmo, pero tamén a invitación a un rexeitamento a se ver convertido en obxecto para un suxeito soberano, que nos vai a condenar, xa en termos marxistas, a unha perda (de tempo) vital importante: a alienación responde a unha apropiación da plusvalía do escravo (que vive no aforro), por parte do soberano (que vive

12 Bataille. *Lo que entiendo por soberanía*. Paidós. Barcelona 1996. Pág 109

13 *Ibidem*.

14 Hegel. *Fenomenología del Espíritu*. F.C.E. “Señor e servo”: *“O señor é a conciencia que é para si, pero xa non simplemente o concepto dela, senón unha conciencia que é para si, que é mediación consigo, a través de outra conciencia”*

15 *Ibidem*.

no dispendio). A proposta, agora si, viría dionisiacamente dada como apropiación do seu, como facerse cargo de si, e recupera-lo poder usurpado devindo soberano, entregado ó dispendio mesmo. Vontade de pracer. A proposta tácita: a extensión da ambición de soberanía, a súa universalidade. Penso que a lectura máis á esquerda (se se pode dicir que teña aínda senso este tratamento maniqueo da política e do político¹⁶) da vontade de poder de Nietzsche traballa nese sentido: ser soberano e non escravo: superhumanidade. O termo “soberanía” non se equipara ó de “amo”, xa que non esixe o segundo termo da oposición: a soberanía non precisa sometidos.

3. DISPOSITIVOS DE ENUNCIACIÓN. *AGENCEMENT*.

Cando na Francia post68 se falaba de subxectividade, *agencement*, dispositivos de enunciación..., estíbese a considerar un estado de cousas que se correspondía co momento mesmo da mutación do Capital. O salto que se produce dende unha economía enfocada na produción de obxectos, ata unha economía que produce subxectividades que consumen obxectos é transcendental. Digamos que a transformación do capitalismo industrial (fordista) a capitalismo cultural (post) afecta todo o proceso de organización social. Aínda que ben é certo que seguimos a falar dunha inversión epistémica, no sentido en que en adiante imos enfoca-la análise das estruturas e estruturacións do poder dende unha óptica distinta, e que esta óptica semella poder dirixirse á totalidade da historia (Geschichte), hai que entender que nestes momentos estase a dar unha aceleración que abre moita claridade e que sitúa a análise nunha perspectiva diferente: aquela da evidencia dun traballo oculto nas consciencias dende unha instancia até o de agora non presente: o Capital como tal, devido Mundial e Integrado (i.e. abrangue a totalidade das accións dos suxeitos interactuantes) .

Partimos en xeral, da fractura da unidade do EU. *“A idea dunha conciencia totalizante, incluso totalitaria (“Eu son amo de min mesmo tanto coma do universo”), participa dun mito fundador da subxectividade capitalística. Só existen, de feito, procesos de conciencialización, diversificados, resultantes da desterritorialización de Territorios existenciais, por si mesmos múltiples e imbricados”*¹⁷. Os conceptos de conciencia,

¹⁶ Para nos entender e non caer na contradición (ah! Je adore Ça!!), diremos que imos entender esquerda como non uniforme, como aquela tendencia á asunción do caos ou a reivindicación da diferenza radical..

¹⁷ F. Guattari. *Cartografías Esquizoanalíticas*. Manantial. Buenos Aires 2000. Pág 41.

suxeito e identidade do Eu deben ser abandonados para dar lugar a unha apreensión da subxectividade na súa complexidade maquínica. Abandonar a estrutura no campo da análise do inconsciente vai aporta-las ferramentas necesarias para por en claro o proceso de artellamento e control de subxectividades, ó servizo da orde establecida. O triángulo-círculo edípico non da conta do múltiple máis que nun senso restrinxido: limita a multiplicidade á tríada constitutiva do suxeito nas súas dúas versións: Inconsciente-Preconsciente-Consciente, Ilo-Eu-Supereu. Ó mesmo tempo, a reterritorialización freudiana, co eterno retorno ó complexo orixinario enténdese como imposición da normalidade, como desatención ó complexo de elementos que operan sobre as subxectividades, e certa complacencia co *Statu quo*. Recupera-la complexidade do inconsciente é mostrar até que punto actúan na conformación significativa o complexo de mecanismos que comporta o sistema. É postular un modelo de inconsciente continuamente moldeado polas disposicións exteriores, entender que o suxeito non se determina na máis tenra infancia, senón que está ligado a un continuo de actuacións semióticas que distribúen as relacións humanas, que determinan os obxectos de desexo, que estruturan a relación do suxeito co obxecto.

A Esquizaanálise defínese como a “*análise da incidencia das Disposicións de enunciación sobre as producións semióticas e subxectivas, nun contexto problemático dado*”¹⁸. As pretensións son outras. Non integrar na normalidade aquilo que se sinte disperso, a través do recoñecemento da repetición do trauma orixinario, senón desvela-lo proceso de produción de subxectividade dando conta dos elementos participantes. Dende a comprensión da multiplicidade do produto, facer emerxe-los dispositivos produtores e as finalidades perseguidas. Dende a percepción do caos “grado cero” (corpo sen órganos) observa-las sedimentacións que forzan as territorializacións, as fixacións significantes e o imperio do único senso. E para iso hai que se valer de novos modelos ontolóxicos, salvando o retorno a vellos territorios. De aí o esforzo de Guattari na refundación conceptual ético-estética. Os cuatro funtores: Fluxos materiais e sinaléticos, Territorios existenciais, Phylum maquínicos abstractos e Universos incorporais, serán os elementos que empregará para “cartografía-las configuracións de subxectividade”, para evidencia-lo carácter de produción multivectorial do inconsciente maquínico.

A subxectividade non é suxeito. De entrada, preséntase “*producida por instancias*”

18 Ibid 32.

*individuais, colectivas e institucionais*¹⁹, é dicir, dependente do proceso constitutivo imposto e respecto ó cal se mantén allea; sometida na súa mesma configuración ós intereses da orde. Alén diso, é “*plural e polifónica (...). Non coñece ningunha instancia dominante de determinación que governe ás demais instancias como resposta a unha causalidade unívoca*”, froito de este trezado rizomático que se produce cos arranxos²⁰ enunciativos. Podemos voltar a unha ontoloxía do caos e plantexar un xurdir cosmolóxico (ordenamento antropomórfico) que se manifesta no enunciado, totalmente continxente. É na articulación molar significado-significante onde se asenta toda a trama. “*O contido e a expresión non están ligados un ó outro pola virtude do Espírito Santo; ó “principio” dos arranxos de enunciación, non atopamos verbo, nin suxeito, nin sistema, nin sintaxe... senón: compoñentes de semiotización, de subxectivación, de conciencialización, de diagramatismo e maquinismos abstractos*”²¹ ». O traballo de semiotización, de subxectivación lévase a cabo na fixación significante; preténdese dar a entender que a relación ven dada por si mesma, que “*cae do ceo*”, agochando o carácter intrínsecamente performativo da enunciación. Debe ser anulada a dualidade contido-performance e ten que ser posto en evidencia que a fixación de sentido depende en última instancia dunha formación de poder. Trátase dunha abstracción que “*decreta soberanamente a orde de cousas materiais e morais nun mundo onde toda liberdade creadora se esvaeceu* »²².

O proceso de produción de subxectividade débese ó sistema. O de agora denomíno Guattari Capitalismo Mundial Integrado, término que da conta do fenómeno que nos medios occidentais se coñece como globalización (mundialización, globalismo,...). Nas condicións actuais do Capital, os dispositivos destinados ó proceso son moi complexos e con alcance universal(izante). O desenvolvemento tecnolóxico facilitou ferramentas fundamentais que potencian o alcance das territorializacións e limitan as posibilidades de disposicións alternativas de enunciación colectiva²³. O poder de alcance mass-mediático é brutal: os elementos máqunicos clásicos de subxectivación vense reforzados e o alcance

19 F. Guattari. *Caosmosis*. Manantial. Buenos Aires, 1996. Pág 11.

20 O termo francés *agencement* traducímolo aquí como *arranxo*, seguindo a tradición iniciada por M. A. Martínez Quintanar, na súa introdución a Deleuze, aparecida en Baía Pensamento.

21 F. Guattari. *L'inconscient Machinique*. Encre 1979. Pág 43.

22 Ibid 50.

23 Quizais sexa este o momento no que tamén Guattari pasa á historia. En certo sentido, podemos afirmar que o proceso de globalización, co seu principal instrumento de expansión: a rede, da orixe a un movemento antitético que cuestiona en boa medida esta limitación de posibles, e abre todo un espazo de creación de arranxos colectivos, das máis potentes que se recordan (en especial no respecto ó desenvolvemento da web 2.0).

globalizado. Guattari fala dunha heteroxeneidade nas compoñentes de subxectivación e artéllaas, sempre de forma provisional, en tres tipos: por un lado as compoñentes semiolóxicas significantes, manifestadas a través da familia, a educación, o ambiente, a relixión, a arte e o deporte; logo os elementos fabricados pola industria dos medios de comunicación, do cine, etc...; e por último as dimensións semiolóxicas a-significantes que poñen en xogo máquinas informacionais de signos²⁴. Cada un á súa maneira e no seu campo de acción vai dar forma ás subxectividades capitalísticas, consolidando as estruturas de poder, potenciando as crecentes diferencias entre estratos. O que caracteriza ó CMI, o que o fai esencialmente diferente de outras encarnacións do Capital na historia é o seu carácter produtor de subxectividades. O ter pasado a tomar como centro de interese, como esencialidade do sistema, a produción-fixación de modos de vida compatibles co mercado, volve inservibles os vellos modos de confrontación. A loita de clases, bipolarizada e estandarizada deixou paso a unha multiplicidade de estratos que pululan entre unha posición de dominio e outra, que funcionan a favor dun mecanismo de explotación sen sequera pretendelo ou sen ter a mínima consciencia. A apertura do mercado ás clases tradicionalmente produtoras, a mutación do traballador en consumidor, convérteno en produtor de 24 horas; o mercado conquista a totalidade do seu tempo dispoñible, e isto non sería posible sen operar directamente sobre os significados, sobre as subxectividades, sobre o mesmo desexo.

Tamén a análise do desexo caeu nun erro de óptica. Tradicionalmente se entende en termos individuais, como se o desexo partira dos “suxeitos”, da súa libre disposición, para pasar máis tarde a ser entendidos nas súas consecuencias sociais. Sen embargo, para Guattari o desexo é sempre primeiramente colectivo (social) para individualizarse a continuación, por obra do sistema. *“Eu non falaría de desexo individual. É a produción de subxectividade capitalística a que tende a individualiza-lo desexo e cando sae vitoriosa nesa operación toda posible acumulación procesual se dissolve. Instáurase un fenómeno de serialización, de identificación, que se presta a toda sorte de manipulacións por parte dos equipamentos capitalísticos. A cuestión, polo tanto, non se sitúa no nivel dos agrupamentos de individuos senón no dunha pragmática dos procesos de produción de desexo, que nada teñen que ver con este tipo de individuación²⁵”*. É dicir, pasamos a

24 F. Guattari. *Caosmosis*. Op. Cit. Pág 15.

25 F. Guattari. *Micropolítica. Cartografías del deseo*. Mapas. Traficantes de Sueños. Madrid 2006. Pág 274.

considera-lo desexo en termos de produción, como parte do proceso de subxectivación que somete ó individuo ás formas de vida industrialmente rentables. O mesmo desexo é parte da produción da grotesca maquinaria do Capital, que continuamente opera sobre as significacións, borrando as pegadas unha vez rematada a súa tarefa. O que o habitante do mundo globalizado quere, é só o que a industria precisa que consuma. E coa mutación do Capital a Mundial e Integrado, acaece tamén a mutación do propio individuo. O modo de vida occidental, agora universalizado a todo o planeta polos procesos sinalados máis arriba, dispónse en termos de consumo. A calidade de vida enténdese como capacidade de consumo. A sociedade do benestar é a do poder adquisitivo (*pouvoir d'achat*). Establecendo as regras do xogo en virtude das necesidades do proceso produtivo, asumímo-la lóxica da insatisfacción insaciable e contribuímos ó fatídico desenlace do proceso.

4. COÑECEMENTO E PODER.

“Non hai exercicio do poder posible sen unha certa economía dos discursos de verdade que funcionen en, e a partires desta parella. Estamos sometidos á produción de verdade dende o poder e non podemos exercita-lo poder máis que a través da produción da verdade”

“A cuestión política, en suma, non é o erro, a ilusión, a conciencia ou a ideoloxía: é a verdade mesma”

Foucault. Microfísica del Poder.

O poder xera a verdade. Non é posible manter unha situación de privilexio a golpe de coerción e represión. Cómpre crear norma(lidade). Aquilo que é, virá entón determinado polos *arranxos* que resulten da implementación do conxunto de dispositivos necesarios na xestión da “realidade”. Un *produto* final sen goberno, aínda que proveña da operación de goberno. Ingobernable; inaprensible; incuestionable. Colectividade, sociedade, comunidade, cultura. Os dispositivos, até o de agora, sempre en mans precisas, baixo control dun número finito de entidades (individuais ou colectivas). Dar conta da verdade e illar a multiplicidade inherente como *a mentira*, o oposto, o mal.

Daquela, fica real o oposto ó interese da colectividade, da multitude: dispersa, diversa, difusa. E a lexitimidade da soberanía no emprego da forza, do poder lexislativo, da decisión entre o ben e o mal, o verdadeiro e o falso, baseado nunha operación minuciosa de sedimentación. Invisible: "*Power is invisible until you provoke it*"²⁶. Se cadra na operatividade que lle permite a acumulación semántica poderíamos atopala clave da derrota: apropiarse dos mecanismos de xeración significante: dispositivos de enunciación.

Camiño inverso: a posesión do coñecemento dá orixe a unha estratificación política. Ter o saber é ter o poder. Máis habería que dar conta primeiro daquilo que entendemos por *coñecemento* e daquilo que entendemos por *poder*, nesta segunda confrontación. *Coñecemento* como agregado procedente da recepción e interpretación de acontecementos. *Poder* como capacidade de imposición de realidade. Entón: ter acceso ó que acontece capacita para dar orixe, a partires diso que acaece e do que se considera relevante do que acaece, á realidade. (e haberá que entender tamén realidade dende unha perspectiva exclusivamente produtiva). Diríamos logo, á procura de coherencia foucaultiana, que a posesión do *saber* (isto, aquilo,...) sitúa a quen o posúe na cúspide de tódalas micropirámides que ascenden dende o seu nódulo da rede. De aí que: "*Eles mesmos, os intelectuais, forman parte dese sistema de poder, a idea de que son os axentes da "conciencia" e do discurso pertence a ese sistema*"²⁷, i.e. rompe-la estrutura non vai ser posible se non se dá unha universalización no acceso ó saber absoluto, entendendo este como *posibilidade de percepción* do acontecer dende a infinidade de perspectivas posibles; e ó mesmo tempo, dado o acceso ó saber absoluto, a reestruturación das relacións de poder promete unha mobilidade que podería ser chamada democrática.

Poderíamos falar entón dunha certa recuperación da comprensión grega da *democracia*. É da diverxencia de onde compre extrae-la liberdade²⁸. Da capacidade de cada membro social por xerar significado, obte-la posibilidade mesma da liberdade. De aquí novamente a posta en funcionamento de dispositivos de enunciación colectiva, destinados a facer brotar arranxos, difumina-lo imaxinario a base de ataques sistemáticos ó núcleo do *real*, concepto nómade dispostos en campamentos base con vocación de desaparición. Da proliferación de máquinas de guerra nómades, contra o asentamento nómade da

26 Camille de Toledo. *Archimondain et jolipunk*. Calmann-Lévy. Paris 2002.

27 Foucault. *Microfísica del Poder*. Op. Cit. Pág 85.

28 H. Arendt. *¿Qué es la Política?*. Paidós. Barcelona 1993.

realidade, arrinca-la soberanía e profetizar contra calquera outro tipo de hexemonía. En adiante, unha apertura á participación que vai a por en apures o vello esquema da representación Moderna, invertendo sen se deter os roles que determinan quen deseña o mundo e en base a que intereses. Albiscamos a *posibilidade* dun espallamento radical do mesmo poder, que terá que dar lugar por forza a unha mutación global sen precedentes. Daquela, hai indicios para crer que fora posible unha participación directa do cidadán no proceso de construción semiótica e semántica, que dea como resultado un (des)control democrático nos arranxos colectivos. En definitiva, o artellamento da realidade pode pasar a ser resultado dun sistema multivectorial e multifactorial, que anule a disposición capitalística á produción simbólica, ou, cando menos, que utilice a planificación maquinaria en contra da xeración homoxénea e a favor dunha diversificación da comprensión (e, polo tanto, da creación) desa realidade.

O que urxe analizar agora é se estes mecanismos de disposicións de enunciacións alternativa está sobre o terreo, e cal é a súa potencia. Conveniente, así mesmo, ver se os procesos que están a brotar na marxe sistémica, alí onde pasan desapercibidos, até ser descubertos e integrados novamente no sistema homoxéneo, teñen vocación efémera ou ansían a consolidación como aparellos de loita activa (xa sabemos como remata iso). Ter en conta que cada vez que se produce unha nova entrada de elementos, até o momento, foráneos, extrínsecos, inevitablemente hai xa unha transformación na dinámica maquínica, que pode levar dúas direccións: unha, cara o recrudescemento das políticas represivas, recorte do libre fluxo comunicacional e involución no crecemento das “malas herbas”; dúas, mutación camaleónica ou adaptación de corte integracional, con ausencia de represión directa (violenta), máis reforzamento da represión indirecta (nova implementación de dispositivos); esta última moito máis perigosa e máis en consonancia co C.M.I. *“Comprenderon que a dialéctica do século XXI xa non está baseada no materialismo, senón na semántica. A semántica é o carácter principal da guerra da información. É dicir, non as verbas para a guerra, senón as verbas como guerra”*²⁹

En canto ó que atinxe á resistencia, se esta é pertinente, sempre T.A.Z. *“A T.A.Z. é un campamento da guerrilla ontolóxica. Golpear e fuxir. Manter a toda a tribu en movemento, aínda que só sexan datos na rede. A T.A.Z. ten que ser quen de se defender; pero*

29 Subcomandante Marcos. Entrevista en La Tribune de Genève, 21 de Abril. En Caille de Toledo. Archimondain, jolipunk.

ámbolos dous, “golpe” e “defensa”, deberían evitar no posible a violencia do Estado, que xa non é unha violencia significativa. As estruturas de control son as que son golpeadas, esencialmente ideas; as defensas son a “invisibilidade” e a “invulnerabilidade”. A “máquina de guerra nómade” conquista sen ser detectada e trasládase antes de que o mapa poida ser detectado”.³⁰ Dalgún xeito, decatarse de que non é viable a substitución dunhas estruturas por outras, que imos considerar máis xustas en virtude dun consenso cristiá en torno a aquilo que sexa a xustiza. Propor un novo debate en torno á vella obsesión moral: Hospitalidade? Se accedemos, só na posta en marcha de elementos que permitan a participación da comunidade (a de Blanchot?) no proceso de nomeamento do mundo, e, ó mesmo tempo, potencien a multiplicidade analítica, teremos xustiza. Esta suxerencia (Derrida?) conecta coa necesidade irrenunciable da efemeridade: a perennidade é a característica do territorio. Cando se fixan as marxes do terreo, estamos noutro plano: rematou a T.A.Z. e comeza a identidade. Pode mos crer na potencia da máquina nómade, que funciona por intensidades intermitentes, contra as formas de anquilosamento propias de todo discurso (mesmo deste), e dar oportunidade a novos elementos que funcionen a partires deste tipo de accións. Entón, agora, a rede.

5. COMUNIDADE EN REDE: COMUNIDADE INCONFESABLE.

“Para que a pregunta non sexa, xa, que facer na esfera pública? -pois tal cousa, de feito, non existe-. Senón como facer para restituíla, como producila, onde e como recobrala?

J. L. Brea. *Cultura_RAM*

Ben, se entendemos cultura como “*un certo réxime xeneralizado da representación, unha formación sistémica que artella e condiciona as ordes discursivas, visuais, semiolóxicas, ...*”³¹ teremos que ver se o proceso de globalización está a provocar unha mutación na cultura(S), e se é certo que se está a producir unha radical homoxeneización destas ordes discursivas, cara unha implantación do modelo único de procedencia europea (unha certa evolución *abrahámica*). O que está en cuestión é se a apertura de canles de comunicación infinitos a través do frenético desenvolvemento tecnolóxico, e

30 Hakim Bey. T.A.Z. “Temporary Autonomous Zone”. Pág 140.

31 J. L. Brea. *Cultura_RAM*. Gedisa. Madrid 2007.

a imposición tácita ou explícita dun modelo de organización socio-económico, dan como resultado a unificación dos modos de interpreta-la realidade, ou se se están a dar movementos de resistencia cultural no interior dos procesos capitalísticos que poden dar pé a unha fuxida continua dos territorios, mediante a proliferación discursiva infinita. O artellamento da identidade no terreo cultural, coa consecuente supresión da diversidade/alteridade, podería seguir dúas direccións: resultas dunha malla tecida pola totalidade das partes que están a xogar ó xogo da moeda; ou como imposición e consecuente eliminación da(s) realidade(s) preexistente(s). En calquera caso, non se pode obviar que o proceso está en marcha e que a comunicación funciona como elemento chave dentro da configuración mitolóxica do mundo global.

Segundo Brea, a universalización da rede e as mutacións tecnolóxicas en xeral, estarían a provocar unha transformación radical no concepto de cultura. Coa emerxencia e preponderancia da “historia” como modelo de coñecemento e garante de verdade, a sociedade occidental comeza a dirixi-los seus esforzos epistémicos cara a acumulación de datos, vestixios de supostos acontecementos, seguindo un proceso de organización causal que vencella toda a realidade habida e por haber nunha única trama ou relato (Danto). Este proceso de trenzado do acaecido leva tras de si dous supostos: a obxectividade na selección daquilo que é relevante, co desprezo consecuente do que non o é; a evidencia da evolución progresiva, do que xa se ten falado dabondo. Nesta liña de análise, aínda vixente, maila o que Brea diga, teríamos un momento actual totalmente paralizado, no que a única labor consistiría en dar conta do pretérito. Paralelamente: fin da creación (“nada novo baixo o sol”) e un proxecto cultural cunha dinámica de coleccionista-arqueólogo. É o que Brea entende como cultura ROM, de acumulación de coñecementos (do que foi), contra a cultura RAM, de conexión e participación, emerxente. *“Cultura_RAM significa: que a enerxía simbólica que mobiliza a cultura está comezando a deixar de ter un carácter primordialmente rememorante, recuperador, para derivarse a unha dirección produtiva, relacional”*³². Hai un suposto implícito no modelo acumulativo ligado ó problema da soberanía: quen artella a trama (*“A historia escríbena os vencedores”*). Por extensión, quen formaliza o acontecemento, a quen remite a autoría do “feito” (*“non hai feitos, só interpretacións”*). Nunha cultura centrada na acumulación, haberá que ter en conta que *“o significado non cae do ceo”*, haberá que espreitar trala porta do académico, autor de mitos e lendas, para evidenciar unha estratexia de fixación

32 Ibidem 13

enunciativa. Canto ocorra no eido semántico, na fixación de imaxinario colectivo, haberá que remitilo a unha operación eminentemente política (en sentido laxo), e non caer no erro de despreza-la relevancia do autor(itas) camuflado na selva académica.

Do mesmo xeito, o proceso de fixación de arranxos colectivos virá determinado pola potencia dos dispositivos de enunciación que poña en marcha o aparello de poder. Co control enunciativo mediático, o proceso de globalización vai sendo moldeado seguindo os requerimentos capitalísticos e cunha lóxica de inclusión dos marxés dificilmente sorteable. É a partires da posesión e control dos mecanismos de enunciación colectivos que se fai posible a construción do real e a eliminación daquilo que se sustrae á súa lóxica (como irreal). Tamén as marxés son estruturadas e baleiradas do seu potencial transformador, da súa capacidade emancipadora, para regresar como inimigo (primeira necesidade na política). Pódese dicir que até o de agora, sempre se deu esta circunstancia, e que o poder sobre o artellamento do simbólico funcionou como garante de hexemonía e catalizador das diferenzas sociais. Coa universalización (do simbólico) que acaece no Capitalismo cultural ou capitalismo serodio, a homoxeneización dos modos de existencia (e de resistencia) nun sistema centrado no consumo, deu lugar a unha universalización dos seus antagonismos. A universalización da mutación semántica que sobrevén ó termo “liberdade”, transformada agora en “libre mercado” ou liberdade de fluxo mercantil e financeiro, impón un esquema único sobre a realidade que, por definición, non permite a concorrencia de modelos alternativos. O Capitalismo é agora Mundial e Integrado, o único sistema económico posible que orixina a única organización social posible (Ó fin e ó cabo, son as condicións económicas as que determinan as relacións sociais). Nese sentido, a recuperación (?) do control sobre a realidade será posible no momento en que se poñan en funcionamento dispositivos de enunciación *colectivos*, que fagan viable unha construción do real dende a proliferación da multiplicidade dos arranxos posibles, seguindo os designios da multitude. Implementar mecanismos, espazos, ferramentas de análise, para esta tarefa é fundamental na situación actual. Que isto se estea a producir xa, de algún xeito, na rede, é a nosa aposta.

O salto da Web 1.0 á Web 2.0 é a última mutación no interior do mundo net. Dende a emerxencia das www nas linguaxes de todo o globo, a evolución e o debate en torno a aquilo que pode ou non pode chegar a ser a rede, sucédense ser parar. Dende logo, a web 1 non deixa de ser un sistema de comunicación que herda a vella relación

representativa: un suxeito que comunica texto e un suxeito-objeto a quen vai dirixido, máis do que non se espera participación. Un dispón e o outro asume³³. Máis calquera pode ser emisor. A mesma estrutura da rede ten ese carácter: conexión de servidores, onde todo usuario é susceptible de selo, e por tanto, de doar (conformar) coñecemento. Con iste primeiro momento net, estaríase a producir o comezo da ruptura da estrutura de fixación significativa, coa aparición da infinidade de discursos que pode albergar-la rede e coa extensión do acceso ós medios de produción semiótica. A enunciación, patrimonio duns cantos, pasaba a ser pública. Os dispositivos de enunciación colectivos, non podían ter máis alcance (Ou si?). Digamos que o que ocorre nos albores do tecido da rede electrónica é que os roles tradicionalmente vencellados a posicións sociais intercámbianse. Con ilo, a hexemonía na construción significativa e na configuración de imaxinario colectivo é recuperada pola multitude. Canto menos como posibilidade fáctica. Cada un de nós pode xerar un oco na malla e producir-artellar posibilidades de realidade.

A cultura relacional topa no mundo net a súa confirmación. Bourriaud entende un proceso de transformación semellante no contexto da arte contemporánea. Dalgunha maneira, poderíamos dicir que o que caracteriza a produción artística no mundo herdado das vangardas, é a xeración de propostas a partires de produtos culturais (simbólicos) anteriores, teoricamente clausurados. O artista agora traballa sobre o traballo herdado, reconfigura unha mensaxe e incide nunha linguaxe para facer funcionar unha nova gramática alí onde se pretendeu a non mobilidade, o estancamento da *creación única e irrepetible*. A posible lectura dun cambio deste orde na praxe artística contemporánea, quizais houbera que buscala nun desprazamento nos roles tradicionais dos protagonistas do mercado da arte, así como na crecente desconfianza cara a dimensión transcendental que parecían ofertar. A sacralización da que gozou a arte, unha vez anulado o discurso das vangardas, de carácter post-nietzscheano, e incluídas como un elemento máis do sistema de libre mercado, supuxo unha ralentización notable con respecto ó proceso de desmantelado e secularización que sufriron as demais disciplinas e saberes. Isto permitiu que a vella e romántica idea de xenialidade e do artista como comunicador privilexiado (iluminado) de finitude e infinitude, pervivira aínda totalmente descontextualizada e falta de fundamentación teórica. O salto que, paseniño, se vai dando cara unha produción artística radicalmente intersubxectiva, evidencia un cambio de perspectiva que leva na

33 Dende logo, estamos a falar nun plano de análise diferente da operación derridiana. Non obviamos que en cada lectura se produce unha creación significativa (texto máquina).

dirección oposta: relativización do papel que xoga o suxeito enunciador, anulación da divindade creadora, reapropiación da parcela de soberanía da que foi desposuído o *espectador*, e a aparición de outras posibles tarefas para a xeración semiótica nunha liña máis colaborativa, difusa, rizomática. *“A historia da arte pode ser lida coma a historia dos sucesivos campos relacionáís externos, substituídos logo por prácticas xurdidas da evolución interna de eses mesmos campos: é a historia da produción das relacións no mundo, mediatizadas por unha sorte de obxectos e de prácticas específicas”*³⁴. Deste xeito, teríamos que renunciar dunha vez por todas á imposición doutrinal á que nos ten acostumados o universo estético, e esixir, do mesmo xeito, a democratización no acceso ós mecanismos e ferramentas até o de agora monopolizados por unha elite desprezable, amparada por un sistema aborrecible. É da aparición dos novos mecanismos de arranxo colectivo, a web 2, de onde cabe esperar unha proliferación de prácticas discursivas que rachen coa estrutura de transmisión do SABER, abrindo a difusión infinita de contidos e enunciacións do real, e a posibilidade da intervención, sempre presente, da comunidade³⁵

Ó mesmo tempo, o libre acceso ó coñecemento forma parte deste proceso tamén. A posta a disposición global da totalidade das producións simbólicas, esixe, por unha banda, unha transformación na lóxica económica, e por outra abre á comunidade o acceso ó acontecemento dende a infinitude de puntos de vista (cubismo?). Atendendo ó primeiro punto, o debate dos 70 en torno á impertinencia das licencias copyleft volve á palestra. A incapacidade de limitar ou impedi-la copia para uso privado, cuestiona a capacidade dun modelo de negocio esgotado. A imposibilidade legal de prohibir o préstamo e intercambio de calquera tipo de posesión, arruína unha industria que baseaba o seu beneficio no límite: *“Os tres sectores que teñen maior peso nas exportacións dos U.S.A. dependen da propiedade intelectual: a industria do software, a industria do entretemento e as industrias biotecnolóxicas (farmacéutica e enxeñería xenética). É fácil ver que coa imposición da propiedade intelectual non se trata só de defender unha fonte de beneficios económicos directos para os países occidentais e as súas grandes corporacións, senón de asegurar un dominio estratéxico sobre os códigos culturais, a saúde, a tecnoloxía e a agricultura a escala planetaria”*³⁶. E, como se escoita hoxe por todas partes, “non se pode poñer portas ó campo”. É certo que a cuestión agora é que a

34 Nicolas Bourriaud. *Estética Relacional*. Artes Visuales. Buenos Aires 2006

35 A este respecto, sinalar unha nova mutación que se está a producir xa no entorno da cultura de redes, que algún da en chamar web 2.1. Ver <http://www.deugarte.com/>. Moi recomendable para unha net-actualización-permanente.

36 Teresa María Torrent. *“Activismo copyleft. Liberar los códigos de la producción tecnopolítica”*. En *Copyleft. Manual de Uso*. TdS. Madrid 2006.

ganancia por parte daquel que obtén, non implica unha perda por parte daquel do que se obtén. É dicir, a lóxica da escasez na que se fundamentaron tradicionalmente as relacións económicas, xa non funciona (olho, no que atinxe ós “produtos significantes”). En troques diso, a abundancia. Como regulamentar a doazón dun ben que se presume abundante (infinitamente) en termos de mercado? Aplicar a lóxica mercantil clásica, baseada na indemnización pola perda do obxecto, non ten sentido. As novas técnicas de reprodución e, agora, a creación en rede, esixen un cambio na lóxica económica que se centre no acceso e esquezza dunha vez por todas os caducos e inútiles aparellos mediadores ancestrais. Canto ó segundo punto, e volvendo a Foucault: *“Por “verdade”, entender un conxunto de procedementos regulamentados pola produción, a lei, a repartición, a posta en circulación, e o funcionamento dos enunciados. A “verdade” está ligada circularmente ós sistemas de poder que a producen e a manteñen, e ós defectos de poder que induce e que a acompañan. “Réxime” da verdade. Este réxime non é simplemente ideolóxico ou superestrutural; foi unha condición de formación e desenrolo do capitalismo*³⁷. Influír na constitución desa verdade, producir mil millóns de verdades é diversifica-la realidade, deixar volver á diferenza, afrontar o heteroxéneo como valor de liberdade. Iso só pode darse: un, se existen dispositivos que permitan a entrada da multitude no proceso de subxectivación, facendo deste un resultado da acción colectiva, e dous, se hai vontade de transformación desta tendencia cara á homoxeneización da realidade.

A web 2.0 vai aínda máis lonxe nesta mesma dirección. Entendemos en xeral esta transformación como a emerxencia de fenómenos na rede, con forma de aplicacións, que permiten un proceso continuo de interacción entre usuarios. Para que se poida falar de web 2, o usuario ten que estar incesantemente apelado á construción discursiva. Finou o papel pasivo que se lle outorgaba na web 1³⁸. As ferramentas, xa clásicas, etiquetadas baixo tal denominación abranguen dende os blogs a Second Life, pasando polos fotologs, Myspace, Facebook, e todos aqueles entornos de rede deseñados para que teña lugar un proceso de interacción entre usuarios. Como definición (sempre) provisional, diríamos que a web 2 e o momento na internet en que o usuario pasa a constituírse como xerador de contidos, e non só como consumidor-receptor dunha mensaxe previamente elaborada por outro(s). A estrutura clásica da representación eivada. A dicotomía entre suxeito enunciador e suxeito (obxecto) receptor desprestixiada (démodé). Mesmo se pode

37 Foucault. *Microfísica del poder*. op. cit.

38 Insisto con Derrida: entendendo que cada lectura é, dalgunha maneira, unha escritura, pero entendendo aínda máis potente que haxa unha incidencia directa do usuario no texto fixado, firmado.

aventurar que as ferramentas agrupadas baixo a denominada web 1 están a mudar tamén; xa tódalas webs dos xornais máis lidos incorporan a posibilidade de xeración de noticias polo lector-usuario. Cando menos, cadra dentro da “normalidade” o fenómeno comentario. Que se pode esperar de todo iso?

Escollo

Toda ruptura no proceso de ordenamento está condenada, a medio prazo, a entrar na dinámica produtiva. A recente adquisición, por parte de google, de Youtube, dunha das ferramentas clave no fenómeno web 2, confirma a regra. A intencionalidade que move a un portal como este á adquisición dun elemento que non xera beneficios no inmediato é, por suposto, a publicidade que se pode espallar por un site que ten unha media de 65000 subidas diarias. Estamos a falar da inclusión, de novo, de dispositivos de subxectivación nun contexto virxe e privilexiado para facer todo o contrario. O prezo que se pagou pola operación superou os 1500 millóns de euros; non se rentabilizou nin na milésima parte até o de agora, polo que hai que prever un incremento notable nas campañas de marketing e publicidade en moi pouco tempo, coa consecvente reacción do usuario (esperemos). Pero o fundamental desta operación non é tanto que xere beneficios ou non, senón o uso que se está a facer dos dereitos de explotación de terceiros. Estamos a presenciar unha utilización lucrativa do traballo feito por millóns de persoas, as cales, por suposto, non perciben un euro do asunto, xa que renuncian no momento da doazón dos vídeos. Co cal se pode plantexar a cuestión de se se está a dar unha nova situación de explotación (encuberta) nos entornos web 2, a partires deste uso semi-clandestino das producións alleas. É cuestionable que o aproveitamento do alleo supoña explotación, aínda que si supoña, en certa medida, un roubo. O tema está en se o usuario ten intencións lucrativas ou non co seu quefacer. Xa que resulta evidente que non, habería que dispor outro tipo de plataformas que ficasen blindadas a este tipo de operacións. Ou ben, o que xa se escoita por todas as partes, que o usuario perciba unha cantidade polo servizo prestado, dado o feito de que hai unha mercantilización na que está a colaborar. Apostaría pola primeira opción, por suposto, aínda que certo que a segunda, cando menos, evita a acumulación de capital cos consabidos custes sociais.

Aínda que se ben é certo que coa emerxencia do fenómeno web 2 aparece tamén toda unha serie de aparatos mercantís dispostos a rentabilizar a novidade (tomando case

sempre a forma de marketing publicitario), coma sempre: unha sorte de proceso de incorporación na/da dinámica capitalística, que se pode entroncar dentro da estratexia clásica que define a súa esencialidade (ser mundial, pero tamén *integrado*), tamén o é que neste proceso de mercantilización non parece que interveña ningunha instancia suprema con capacidade de acción sobre os enunciados. Todo pode ser dito e todo pode ter presenza na rede. É máis: o único baremo para a determinación da presenza dun discurso en rede é o número de interlocutores que interactúen no portal. Tempo atrás, Bey escribira: *“asumo que a rede oficial nunca conseguirá clausura-la Web ou a antiredes -a piratería de datos, as transmisións non autorizadas e o libre fluxo da información nunca poderá ser detido. De feito, e tal e como eu a entendo, a teoría do caos establece xustamente que ningún sistema de control universal é posible”*³⁹. Á capacidade capitalística de integración, a imposibilidade caósmica de fechar tódalas saídas, de anular o constante fluír de liñas de fuga. Ante a conquista continua de territorios, a sistemática antisistémica das cartografías multiplicadas.

39 Hakim Bey. T.A.Z. op. cit.

BILBIOGRAFÍA.

- U. Beck. *¿Qué es la Globalización?*
- Foucault. *Microfísica del poder*. La piqueta. Madrid 1992
- T. Negri e M. Hardt. *Imperio*. Paidós. Barcelona 2002.
- T. Negri e M. Hardt. *Multitud*. Debolsillo. Barcelona 2006.
- Guattari. *Psicanálise et transversalité*.
- Deleuze-Guattari. *¿Qué es filosofía?*. Anagrama.
- Baudrillard. *Cultura y Simulacro*. Kairós. Barcelona 1978.
- Bataille. *Lo que entiendo por soberanía*. Paidós. Barcelona 1996.
- Hegel. *Fenomenología del Espíritu*. F.C.E.
- F. Guattari. *Psicanálise et transversalité*.
- F. Guattari. *Cartografías Esquizoanalíticas*. Manantial. Buenos Aires 2000.
- F. Guattari. *Caosmosis*. Manantial. Buenos Aires, 1996.
- A. Martínez Quintanar, na súa introdución a Deleuze, aparecida en Baía Pensamento.
- F. Guattari. *L'inconscient Machinique*. Encre 1979.
- F. Guattari. *Micropolítica*. Cartografías del deseo. Mapas. Traficantes de Sueños. Madrid 2006.
- Camille de Toledo. *Archimondain et jolipunk*. Calmann-Lévy. Paris 2002.
- H. Arendt. *¿Qué es la Política?*. Paidós. Barcelona 1993.
- Hakim Bey. *T.A.Z. "Temporary Autonomous Zone"*. Talasa ediciones. Madrid 1996.
- J. L. Brea. *Cultura_RAM*. Gedisa. Madrid 2007.
- Nicolas Bourriaud. *Estética Relacional*. Artes Visuales. Buenos Aires 2006
- VV.AA. *Copyleft. Manual de Uso*. Traficantes de Sueños. Madrid 2006.
- A. Martínez Quintanar. *Guilles Deleuze*. Baía Pensamento. A Coruña 2002.